

KAFKA E A BONECA VIAXEIRA

Autor Jordi Sierra i Fabra
Páxinas 164 páxinas
Editorial Galaxia Colección Árbore · serie verde
Idades A partir dos 12 anos



SINOPSE

Un libro que contaxia emoción e paixón pola literatura.

Velaquí un libro que fala dun misterio: o que xunguiu o escritor Franz Kafka cunha nena que perdera a súa boneca. Para consolala, o grande escritor foille contando, a través de cartas, o periplo polo mundo da boneca perdida.

AUTOR

JORDI SIERRA I FABRA

Escritor e comentarista musical que destaca pola variedade temática nas súas obras, pois aborda todos os xéneros.

Nos últimos vinte e cinco anos os seus libros de literatura infantil e xuvenil foron un referente para os adolescentes españois e de América Latina.

Ten unha extensa obra que en 2010 acada os 400 libros escritos. No ano 2009, superou os 9 millóns de libros vendidos. É un dos dez autores máis lidos nos centros de ensino.

Foi galardoado con multitude de premios, tanto en castelán como en catalán. Con *Kafka e a boneca viaxeira* gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil.

ILUSTRADORA

MINIA REGOS SANZ

Leva feitas varias exposicións individuais e colectivas por Galicia, e participou en diversas actividades artísticas. O seu facer artístico abrangue varios campos, tales como a pintura, o debuxo, a ilustración, a animación... *Kafka e a boneca viaxeira* é o seu primeiro libro ilustrado.

VALORES

- Inxenuidade e inocencia
- A amizade
- Tenrura
- Emancipación
- O poder da imaxinación
- As relacións interxeneracionais
- A utilidade da literatura
- A visión vitalista da existencia

ANTES DE LER O LIBRO

DEBATE NA AULA

No último ano da súa vida (1924) Kafka, mentres paseaba polo parque Steglitz de Berlín, encontra unha nena chorando desconsoladamente porque perdera a súa boneca. Para tranquilizala, Kafka díxolle que non se perdera, que marchara de viaxe, e el, que era carteiro de bonecas, traeríalle ao parque as cartas que a súa boneca lle mandase.

Despois deste primeiro encontro, Kafka escribiu día a día cartas ficticias, desde distintas cidades do mundo, con extraordinario coidado e ilusión...

• Que pasaría se ti atopases pola rúa unha nena chorando porque acababa de perder o seu xoguete preferido?

EXPRESIÓN ESCRITA

Inventa o teu propio final para esta historia.

DURANTE A LECTURA

PARA CONTAR NA AULA

- Ver desde que punto de vista está contada. (1ª ou 3ª persoa)
- O alumnado, en grupos de dous, irá localizando nun mapa, debuxado por eles, os lugares do mundo desde os cales Bríxida enviaba as cartas a Elsi e o lugar onde se atopaban Elsi e o escritor.

DEBATE NA AULA

- Debater a importancia da comunicación epistolar.
- Debater por que a Kafka lle supoñía tanto esforzo e angustia escribir as cartas.
- ¿Cres que as novas formas de comunicación (sms, mail...) impiden chegar a unha comunicación a un nivel profundo como a que se consegue a través das cartas?

PARA REFLEXIONAR

- Reflexionar sobre o interese e o empeño que amosa o escritor por manter a ilusión dunha nena e que non se sinta decepcionada.
- Reflexionar sobre o valor afectivo dos xoguetes en nenos con escasos recursos.

AO REMATAR A LECTURA DO LIBRO

NA AULA

- Reflexionar sobre a importancia da educación para medrar en liberdade.
- Debater sobre o agradecemento de Bríxida a Elsi de que lle ensinara a vivir en liberdade e que a emancipación non sexa traumática.

TRABALLO INDIVIDUAL

- O alumnado elaborará un texto sobre a importancia dos xoguetes durante a infancia e sobre a relación comunicativo-afectiva que un neno chega a ter cun xoguete ou un obxecto determinado. O alumnado podería partir da lembranza da súa infancia, se nalgún momento sentiron un especial afecto por algún xoguete determinado e por que.
- Preguntar aos seus avós sobre os xoguetes que tiñan cando eran pequenos, e elaborar un pequeno texto onde comparen a súa infancia e a infancia dos seus avós.
- Elaborar un informe arredor de Franz Kafka: quen foi, que escribiu, como viviu...

TRABALLO EN GRUPO

Montar unha exposición de xoguetes antigos de cada alumno/a. Traelos á aula e explicar diante da clase que significaba para ti ese xoguete e que recordos gardas deles.

SAÍDA EXTRAESCOLAR

Podía ser interesante programar unha saída ao Museo Galego do Xoguete de Allariz.

CINE-FÓRUM

Visionado e posterior debate arredor da película *Toy Story* (1995), como exemplo da importancia que os xoguetes teñen na vida e nos sentimentos dos máis pequenos.